

LUGO - Julio 1965

Pág. 9

CESAR ALVAJAR

FALLECIO EN PARIS

En París, onde moraba dende fai anos, falescéu de súpeto o día 6 de xunio ppdo. o señor César Alvajar, delegado do Consello Galiza naquela cidade europea, e gran amigo de Suárez Ficallo.

A tristeira nova produxo fondo pesar na coleitividade galega de Bós Aires, e moi especialmente no Consello de Galiza, pois Alvajar, galego de corazón e republicán a carta cabal, era outamente estimado polas súas condicións espirotales e intelectuales, contándose entre as primeiras a de manter peirante toda a súa vida unha conduta intachabel e un aceso amor á Patria.

Alvajar, nada na Cruña, con cúa cidade mantivo sempre contacto dende o eisilio, intreándose pola súa vida cultural, artística, política e de todo orde, foi redactor moitos anos da "Voz de Galicia". Era un xornalista de dotes pouco comuns pois dominaba todolos temas nisa materia i os trataba sempre con unha modestia singular, moi súa, que foi un dos incomenentes que lle impidiu ser máis coñecido en toda a súa amplitude e profundidade.

Don César Alvajar había sido laureado coas palmas da "Lexión de Honor" de Francia, en mérito á súa laboura cultural i as súas inquedanzas patrióticas. Por enriba de todo, pode decirse que foi iste irmán un bó home, un cidadán útil e un galego de ley, diño de figurar en primeira fila entre os "bós e xenerosos".

Testimufiamos á súa familia, o noso máis fondo pesar pola súa morte.

O NOSO DERECHO

ALVAJAR, César.—Periodista coruñés y poeta satírico de aguda intención e ingenio, no menos que de correcta factura. Comenzó, en sus tiempos de estudiante de Derecho, publicando en Santiago «La República», periódico tan avanzado que hasta de tal lo tachaba el propio Nakens, famoso director de «El Motín», de Madrid. Vuelto a La Coruña, colaboró en los diarios «Tierra Gallega» y «El Noroeste», sacó el semanario satírico «La Ciudad», dió muestras de punzante ironía en los entremeses de «Adelante» y, finalmente, redactó las celebradas *Coplas de los domingos* para «La Voz de Galicia». Por iniciativa de unos amigos del autor reuniéronse en su homenaje varias de éstas en el libro *Voces al viento* (Coruña, 1930), con prólogo de V. Fernández Asís y cierre de Alejandro Barreiro. En 1936 emigró a Francia y acabó por fijar su residencia en París.